



NO SEU LUGAR

Campaña de prevención e control
das especies exóticas invasoras nas
Reservas de Biosfera de Galicia

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

No espazo habilitado polo centro para a realización do taller desenvolverase dúas actividades:

- **Charla divulgativa sobre a Reserva da Biosfera e a problemática das especies exóticas invasoras.**

O equipo do CEIDA impartirá unha charla con un marcado carácter participativo e dinámico na que se presentará a figura de Reserva de Biosfera e a súa vinculación co territorio, e se introducirá o concepto de especie exótica invasora, o seus impactos e as principais especies exóticas invasoras presentes no territorio.

Co apoio dunha presentación en Power Point, que levará asociados dous vídeos moi curtos (<5 minutos) , mostraremos a problemática das especies exóticas invasoras, mostrando imaxes dalgúns especies que habitan no territorio. Así mesmo explicaranse os efectos que a introdución das especies invasoras mostradas provocan nos ecosistemas.

- **Xogo “No seu lugar”**

Mediante un xogo cos alumnos revisaremos os conceptos explicados na charla. A cada alumno/a lle corresponderá unha tarxeta repartida aleatoriamente, segundo a cal poderán xogar un dos seguintes papeis:

- Unha especie exótica invasora.
- Unha especie autóctona á que despraza.
- Os impactos que provoca a especie exótica invasora.
- A orixe e introdución da mesma

O educador/a pedirá que saian a escena as distintas especies exóticas invasoras (segundo as tarxetas repartidas) que lerán ao resto dos alumnos/as o texto da tarxeta.

O xogo completárase coas relacións de cada especie co resto de participantes que teñan a tarxeta da especie desprazada, os impactos ou a procedencia de orixe.

A actividade rematará cun debate-reflexión dinamizado por preguntas do/a educador/a.

Temporalización

Actividade	Duración
Recepción do grupo. Presentación da actividade.	2:00 minutos
Presentación sobre ás Reservas de Biosfera	4:00 minutos
Visualización video 1	2:00 minutos
Presentación sobre especies exóticas invasoras	8:00 minutos
Visualización video 2	4:00 minutos
Xogo	20:00 minutos
Conclusións e despedida	10:00 minutos
TOTAL ACTIVIDADE	50:00 minutos

Obxectivos

- Dar a coñecer qué é unha Reserva de Biosfera e a súa vinculación co territorio.
- Dar a coñecer que é unha especie exótica invasora e cales son as máis importantes no territorio.
- Entender os efectos que unha especie exótica pode causar nos ecosistemas.
- Favorecer a comprensión dos problemas ambientais, económicos e sanitarios que causan as especies exóticas invasoras.
- Divulgar e sensibilizar sobre o impacto na nosa biodiversidade e a nosa sociedade.

Contidos *(adaptaranse as idades dos participantes)*

1. Que é unha Reserva de Biosfera?
 - Programa MaB da Unesco
 - Rede Mundial de Reservas de Biosfera
 - Rede Galega de Reservas de Biosfera
 - Reserva de Biosfera no territorio
2. Que son as especies exóticas invasoras?
3. Diferencias entre especies autóctonas, exóticas e invasoras
4. Cómo afectan as especies exóticas invasoras á biodiversidade?
5. Vías de entrada das especies exóticas invasoras
6. Principais especies exóticas invasoras no territorio
7. Impactos e problemas causados polas especies exóticas invasoras.